



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2016

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día un de decembro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 17 DE NOVEMBRO DE 2016.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o dezasete de novembro de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE LAVADO E PINTADO DE FACHADAS E SUBSTITUCIÓN DE CANOS E BAIXANTES EN EDIFICACIÓN EXISTENTE SITA NA AVENIDA DE PONTECESURES Nº 31, FORMULADA POR DON JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ LIMETRE. EXPEDIENTE 183/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de novembro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 26 de Outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9010, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de pintado de fachadas e substitución de canos e baixantes en edificación de

uso residencial existente sito na avenida de Pontecesures nº 31, con referencia catastral 8012134NH2381N0001DA, formulada por D. José Antonio Rodríguez Lillmetre. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías do inmovible, así coma copia do DNI do solicitante.

Segundo. En data 7 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite requirimento de documentación adicional necesaria para a tramitación da comunicación previa presentada.

Terceiro. En data 8 de novembro de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas polos servizos técnicos municipais.

Cuarto. En data 16 de novembro de 2016 o interesado achega a documentación adicional requirida.

Quinto. En data 17 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sexto. En data 25 de novembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de pintado de fachadas en edificación de uso residencial existente sito na avenida de Pontecesures nº 31, con referencia catastral 8012134NH2381N0001DA. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Cuarto. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Trátase do pintado das fachadas leste, sur e oeste en cores granate e branco (mesma cor que na actualidade), así coma a substitución dos canos e baixantes de pluviais existentes de PVC por uns novos en aluminio.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS (URME), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Quinto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior

comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Sexto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sétimo. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Oitavo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 26 de outubro de 2016, asinada por D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ LIMETRE, para obras de pintado de fachadas e substitución de canos e baixantes en edificación de uso residencial existente sita na avenida de Pontecesures nº 31, con referencia catastral 8012134NH2381N0001DA, expediente 183/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario

da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 28 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CERRAMENTO COMPOSTO E INSTALACIÓN DE PORTAL E PORTA DE ACCESO PEONIL DE ALUMINIO EN PARCELA SITA NO LUGAR DE A PICARAÑA Nº 98, FORMULADA POR DON JOSÉ LEBORÁNS LÓPEZ. EXPEDIENTE 181/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de novembro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 19 de Outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8835, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de construción de cerramento composto e instalación de portal e porta de acceso peonil de aluminio en parcela sita no Lugar de A Picaraña nº 98, con parcela catastral 15066B503055340000FH, formulada por D. José Leboráns López. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías da parcela, croquis e alzados do peche proxectado,e copia de autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas, ambos de data 14 de xuño de 2016, para o peche e para o portal de acceso.

Segundo. En data 7 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite requirimento de documentación adicional necesaria para a tramitación da comunicación previa presentada.

Terceiro. En data 9 de novembro de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas polos servizos técnicos municipais.

Cuarto. En data 14 de novembro de 2016 o interesado achega a documentación adicional requirida.

Quinto. En data 7 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sexto. En data 25 de novembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de construción de cerramento composto e instalación de portal e porta de acceso peonil de aluminio en parcela sita no Lugar de A Picaraña nº 98, con parcela catastral 15066B503055340000FH. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Cuarto. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa e posteriormente. Trátase da execución dunha cerca ou cerramento composto en fronte de parcela en solo rústico, a base de zapata corrida de formigón (de sección 0,40x0,30 metros). Sobre ésta, basamento cego a base de sillares de pedra (0,20x0,45 metros) cunha altura sobre rasante de 0,45 metros, catro pilares de pedra (2 para o portal de corredeira e 2 para a porta de entrada peonil); malla electrosoldada lacada en cor marrón de 2,50x1,50 metros, cunha altura de 1,50 metros e postes metálicos, un portal de aluminio de cor marrón e unha porta de aluminio en cor marrón.

- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Achégase coa solicitude autorización da Axencia Galega de Infraestruturas ambos de data 14 de xuño de 2016, para o peche e para o portal de acceso. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.

- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non

conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constrictamento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO USO INDUSTRIAL (SUNP-I), conforme o PXOM do Concello de Padrón. Conforme o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, ao solo urbanizable non delimitado (categoría equiparable ao solo urbanizable non programado) lle resultará de aplicación o disposto na lei do solo para o solo rústico. Dado que se trata dun peche de finca, o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Quinto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Sexto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sétimo. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Oitavo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 19 de outubro de 2016, asinada por D. JOSÉ LEBORÁNS LÓPEZ, para obras de construción de cerramento composto e instalación de portal e porta de acceso peonil de aluminio en parcela sita no Lugar de A Picaraña nº 98, con parcela catastral 15066B503055340000FH, expediente 181/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito

ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 28 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

4.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A CAFÉ BAR RESTAURANTE, SITO NA RÚA ENLACE PARQUE Nº 7, BAIXO, COA DENOMINACIÓN COMERCIAL “CHEF RIVERA”, FORMULADA POR DON JOSÉ ANTONIO RIVERA CASAL EN REPRESENTACIÓN DE “JOSÉ ANTONIO RIVERA CASAL Y OTRO C.B.”. EXPTE 58/2016/CTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de novembro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 23 de novembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9743, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de apertura para a actividade de CAFÉ BAR-



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESTAURANTE, con denominación comercial "CHEF RIVERA" formulada por D. José Antonio Rivera Casal en representación de "José Antonio Rivera Casal y otro C.B.", novo titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, copia de constitución de Comunidade de Bens a efectos de acreditar o poder de representación, e copia da cartulina de licenza do local e modificación de razón social no imposto sobre actividades económicas.

Segundo. En data 27 de novembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

Segundo. Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxeción ao réxime establecido polo artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro. En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 27 de novembro de 2016, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cuarto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a CAFÉ BAR RESTAURANTE sito na rúa Enlace Parque nº 7, baixo, outorgada pola Comisión Municipal Permanente en data 10 de febreiro de 1976, pasando á titularidade de JOSÉ ANTONIO RIVERA CASAL Y OTRO, CB, expediente 58/2016/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros

presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 28 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

5.- AUTORIZACIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN E INICIO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E PISCINA NA RÚA DO CARMEN Nº 84, FORMULADA POR DONA ELISA CASTRO SANMARTÍN. EXPEDIENTE 90/2012.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 28 de novembro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 10 de maio de 2012 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4318, solicitude de licenza municipal de obras de construción de vivenda unifamiliar e piscina na rúa do Carmen nº 84, formulada por D^a Elisa Castro Sanmartín. Achégase coa solicitude "Proyecto de Ejecución de vivienda unifamiliar y piscina" redactado e asinado pola arquitecta D^a Laura González López e visado polo COAG en data 25 de abril de 2012, así coma oficio de dirección de obra.

Segundo. En data 12 de novembro de 2013 ten entrada no Concello escrito da interesada no que se achegan planos complementarios ao proxecto presentado así coma folia estatística de edificación e vivenda.

Terceiro. En data 15 de maio de 2013 ten entrada escrito da solicitante na que se solicita a ampliación do prazo de execución da demolición do inmoble coa finalidade de levar a cabo as actuacións de forma conxunta.

Cuarto. En data 11 de marzo de 2014 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras favorablemente, referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinto. En mesma data ten saída oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo e informe técnico municipal, aos efectos de emitir a correspondente autorización sectorial.

Sexto. En data 15 de maio de 2014 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3785, resolución de data 8 de maio de 2014 do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en senso desfavorable.

Sétimo. En data 21 de abril de 2015 a solicitante achega documentación adicional para a súa remisión ao Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Oitavo. En data 23 de abril de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa a documentación achegada en senso favorable.

Noveno. En data 24 de abril de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto coa documentación adicional presentada pola solicitante e o informe técnico sobre a mesma.

Décimo. En data 16 de xuño de 2015 ten entrada no Concello resolución de data 8 de maio de 2014 do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en senso desfavorable.

Décimo primeiro. En data 29 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1784, resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autoriza unhas sondaxes arqueolóxicas na rúa do Carmen nº 84, resolución da que se da traslado á solicitante en data 2 de marzo de 2016.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Décimo segundo. En data 16 de marzo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2371, escrito da solicitante que achega nova documentación, consistente en novo "Proyecto básico para la construcción de una vivienda unifamiliar adosada y piscina y derribo previo de edificación existente", redactado e asinado pola arquitecta D^a Aurora García Vicente datado no mes de marzo de 2016. Adxúntase así mesmo memoria técnica de sondaxes manuais para proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar na rúa do Carmen nº 84 redactada e asinada por D. Víctor Rúa Carril.

Décimo terceiro. En data 23 de marzo de 2016 ten entrada no Concello escrito da solicitante que adxunta solicitude de tramitación de comunicación de cese en traballo profesional da arquitecta redactora do primeiro proxecto técnico.

Décimo cuarto. Consta no expediente, sen data de entrada, oficio con rexistro de entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia de data 31 de maio de 2016, da memoria técnica de sondaxes manuais obrante no expediente administrativo municipal.

Décimo quinto. En data 17 de xuño de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5449, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 13 de xuño de 2016 que autoriza a demolición da edificación existente e a construción da vivenda unifamiliar conforme o proxecto básico presentado, con certas condicións.

Décimo sexto. En data 22 de xuño de 2016 ten entrada no Concello escrito da solicitante adxuntando oficio de dirección de obra, estatística de edificación e vivenda e escrito da arquitecta redactora do proxecto precisando o cumprimento do condicionado da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 13 de xuño de 2016.

Décimo sétimo. En data 8 de agosto de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Décimo oitavo. En data 5 de setembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

Décimo noveno. En data 6 de setembro de 2016 o alcalde emite proposta á Xunta de Goberno Local de outorgamento da licenza solicitada.

Vixésimo. En data 8 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en sesión ordinaria acorda construción de vivenda unifamiliar e piscina previa demolición de edificación existente na rúa do Carmen nº 84 na parcela con referencia catastral 7618202NH2371N0001UU, expediente 90/2014, conforme o "Proyecto básico para la construcción de una vivivenda unifamiliar adosada y piscina y derribo previo de edificación existente", redactado e asinado pola arquitecta D^a Aurora García Vicente datado no mes de marzo de 2016, con rexistro de entrada no Concello nº 2371, de 16 de marzo., apercibíndose da necesidade de achegar proxecto de execución, que deberá ser informado polos servizos técnicos municipais o obxecto de aprobación, así coma oficios de dirección de obras, de execución e de coordinación.

Vixésimo primeiro. En data 28 de outubro de 2016 ten entrada no Concello con número de rexistro 9079, proxecto de execución para a construción de unha vivenda unifamiliar adosada e piscina e derrubio previo de edificación existente, redactado e asinado pola arquitecta D^a Aurora García Vicente e visado polo COAG en data 27 de outubro de 2016,

Vixésimo segundo. En data 18 de novembro de 2016 ten entrada no Concello oficio de dirección de execución de obra.

Vixésimo terceiro. En data 25 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente o proxecto de execución presentado.

Vixésimo Cuarto. En data 28 de novembro de 2016 ten entrada no Concello oficio de coordinación de

seguridade e saúde.

Vixésimo quinto. En data 28 de novembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. En base ao disposto no informe técnico municipal do 25 de novembro de 2016 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 28 de novembro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 88.6. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, en concreto do informe xurídico que refire literalmente:

Primeiro. Ten por obxecto o presente informe o proxecto de execución para a construción dunha vivenda acaroada e piscina previa demolición da edificación existente. Con carácter previo ao inicio das obras, que contan con licenza municipal outorgada en base ao proxecto básico presentado no seu día, proxecto que foi obxecto dos correspondentes informes técnico e xurídico e da tramitación das autorizacións sectoriais de aplicación.

O proxecto de execución presentado debe desenrolar de forma consecvente e fiel o proxecto básico que documentou a licenza outorgada no seu día, sen que se poidan introducir variacións substanciais no mesmo.

Visto o informe técnico municipal de data 25 de novembro de 2016, o proxecto de execución axústase ao proxecto básico que fora obxecto de licenza municipal, desenrolando o mesmo de acordo coas autorizacións sectoriais obtidas e sen variar as condicións establecidas no proxecto básico.

Segundo. Neste senso debemos destacar que durante a tramitación do expediente entrou en vigor a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Nembargantes a licenza outorgada o foi ao amparo da LOUGA, lei derogada pola lei 2/2016, dado que a tramitación do expediente se iniciou no ano 2012, resultando polo tanto transcorrido con creces o prazo máximo determinado pola normativa para a resolución do expediente, polo que resultaría perxudicial en extremo para o solicitante requirir a adaptación a unha nova normativa, máxime tendo en conta que a demora na tramitación non é responsabilidade do solicitante, e tendo en conta así mesmo que tal adaptación sería a nivel formal dado que a nova normativa non implica un troco na compatibilidade do proxecto presentado,

Terceiro. O proxecto intégrase polo tanto coa totalidade do seu contido necesario, e visto o informe técnico municipal favorable, ao que nos remitimos expresamente, non introduce variacións no proxecto básico que fora obxecto de licenza municipal en data 8 de setembro de 2016.

Cuarto. Así mesmo, se ten achegado pola solicitante os oficios de dirección técnica das obras, tanto o de dirección de obra, que será asumido pola arquitecta redactora do proxecto, coma de dirección de execución das obras, asumida polo arquitecto técnico D. Rafael Fernando Pazos Sierra, coma a coordinación de seguridade e saúde asumida polo mesmo técnico director da execución material.

Visto polo tanto que o axuste do proxecto básico á normativa urbanística de aplicación xa foi obxecto de informe técnico e xurídico con motivo do outorgamento da licenza solicitada, así coma que a intervención conta con todas as autorizacións sectoriais necesarias, procede neste punto autorizar o proxecto de execución e o inicio das obras.

Quinto. No informe técnico municipal se refire así mesmo a comisión dun erro material de transcripción no informe técnico do outorgamento da licenza conforme o proxecto de obra, en



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

concreto no orzamento das obras. Onde se refire que tal orzamento de execución material sen IVE ascende á cantidade de 140.000 euros, realmente debería figurar a cantidade de 140.800 euros.

Por se tratar dun erro material, resulta de aplicación o disposto polo artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que refire que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Segundo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e polo tanto a autorización do proxecto de execución, tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Autorizar o proxecto de execución para a construción de unha vivenda unifamiliar adosada e piscina e derrubo previo de edificación existente, redactado e asinado pola arquitecta D^a Aurora García Vicente e visado polo COAG en data 27 de outubro de 2016, ao desenrolar e se axustar ao proxecto básico obxecto de licenza municipal de data 8 de setembro de 2016, expediente 90/2012, autorizándose así mesmo o inicio das obras, con cumprimento íntegro das condicións referidas no acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de setembro de 2016, en concreto:

- a) Previo ao inicio das obras procederase á comprobación das aliñacións e trazado da obra polos Servizos Técnicos do Concello polo que o promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito o día e hora (que deberá coincidir co horario das oficinas municipais) para proceder ao replanteo da obra na súa presenza.
- b) Non poderá utilizar a construción en tanto non esté rematada e se obteña a preceptiva licenza de primeira ocupación.
- c) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. Correxir o erro material do acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de setembro de 2016 no apartado correspondente ao orzamento das obras. Onde se refire:

h) Contía na que se orzan as obras: 140.000,00 euros. (sen IVE)

Debe referir:

h) Contía na que se orzan as obras: 140.800,00 euros. (sen IVE)

Terceiro. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida, que completan os referidos no acordo de outorgamento de licenza de data 8 de setembro de 2016:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial dos barrios orixinais da vila (URBO) dentro do ámbito do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e no entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: construción de vivenda unifamiliar e piscina previa demolición da edificación existente.
- c) Altura: 6,67 m (autorizables 8,53 metros)
- d) Volumes: B+1 (autorizables B + 2)
- e) Ocupación de parcela permitida: 70% parcela neta.
- f) Ocupación segundo proxecto: 62,46% parcela neta.
- g) Pendente máxima de cuberta: 38º
- h) Contía na que se orzan as obras: 140.800,00 euros. (sen IVE)
- i) Situación e emprazamento das obras: rúa do Carmen 84
- j) Nome ou razón social do promotor: D^a Elisa Castro Sanmartín
- k) Técnico autor do proxecto: D^a. Aurora García Vicente, arquitecta
- l) Técnico director das obras: D^a. Aurora García Vicente, arquitecta
- m) Técnico director da execución material das obras: D. Rafael Fernanxo Pazos Sierra.
- n) Coordinador de seguridade e saúde: D. Rafael Fernando Pazos Sierra.
- o) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto que autorice, no seu caso, o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de notificación do acto que autorice, no seu caso, o proxecto de execución. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>


Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 28 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS, NÚMERO 132, CONCEDIDA O 18 DE MARZO DE 2002 A DONA MARÍA DEL CARMEN MARTÍNEZ FARO, A FAVOR DE DON JAVIER VEGA GARCÍA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de novembro de 2016:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado no punto número 3 da orde do día da sesión realizada o 18 de marzo de 2002, conedeuse a dona María del Carmen Martínez Faro licenza para a



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

entrada e saída de vehículos (vado).

Segundo. O 22 de novembro de 2016 don Javier Vega García solicita o cambio de titularidade da mesma ao seu favor por selo novo propietario do inmovible. Achega copia simple da escritura de compraventa.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 77.3 do Real decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, en relación ás licenzas outorgadas para o uso común especial do dominio público recolle que "*No serán transmisibles las licencias que se refieran a las cualidades personales del sujeto o cuyo número estuviere limitado; y las demás, lo serán o no según se previera en las ordenanzas*". Dado que na concesión das licenzas para a entrada e saída de vehículos pola vía pública non se teñen en conta as cualidades persoais do solicitante e dado que a Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004, non establece nada ao respecto, enténdese que estas licenzas son transmisibles.

Segundo. O artigo 76 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello recolle que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión deste tipo de licenzas, do que se estrae que tamén é o órgano competente para aprobar a súa transmisión.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder o cambio de titularidade da licenza para entrada e saída de vehículos a través da vía pública, número 132, outorgada a dona María del Carmen Martínez Faro para o garaxe situado detrás da vivenda sita na rúa Santiago nº 24, con saída cara o Campo da Barca, a favor de don Javier Vega García.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar conta do presente acordo aos departamentos de Intervención-Tesourería e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 25 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

Sendo as once horas incorpórase á sesión o señor Sanmarco Santos.

7.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL. EXPEDIENTE SIUSS 1468.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 23 de novembro de 2016, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2016 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 25 de novembro de 2016.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 58,73 euros á usuaria de servizos sociais con número de expediente SIUSS 1468 para cubrir gastos relacionados coas necesidades básicas de uso da vivenda habitual e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 29 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

8.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL. EXPEDIENTE SIUSS 1738.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 23 de novembro de 2016, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2016 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 25 de novembro de 2016.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 71,97 euros á usuaria de servizos sociais con número de expediente SIUSS 1738 para cubrir gastos relacionados coas necesidades básicas de uso da vivenda habitual e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 29 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

9.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL. EXPEDIENTE SIUSS 60.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 23 de novembro de 2016, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2016 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 25 de novembro de 2016.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 67,06 euros á usuaria de servizos sociais con número de expediente SIUSS 60 para cubrir gastos relacionados coas necesidades básicas de uso da vivenda habitual e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 29 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

10.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL. EXPEDIENTE SIUSS 299.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 23 de novembro de 2016, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2016 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 25 de novembro de 2016.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 165,00 euros á usuaria de servizos sociais con número de expediente SIUSS 299, para cubrir gastos relacionados coas necesidades ópticas dun menor e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 29 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

11.- AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL.. EXPEDIENTE SIUSS 338.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 23 de novembro de 2016, co visto e praxe do Alcalde, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2016 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda ao beneficiario proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de 25 de novembro de 2016.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 411,15 euros ao usuario de servizos sociais con número de expediente SIUSS 338, para cubrir gastos relacionados coas necesidades de dotación de subministros básicos do fogar e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2016 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Servizos Sociais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 29 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

12.- AXUDA DE INSERCIÓN SOCIAL PARA ESCOLARIZACIÓN. EXPEDIENTE SIUSS 1290.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 29 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos